

## DISCURSO DE JOSÉ MANUEL DOMÍNGUEZ FREITAS NA TOMA DE POSESIÓN COMO ALCALDE DE A GUARDA.

Señoras Concelleiras / Señores Concelleiros / Señoras e Señores:

Hai vinte días que a cidadanía guardesa determinou, cos seus votos, a composición da Corporación que vai rexer o futuro deste pobo.

Por iso, en nome de todas as concelleiras e concelleiros que acaban de xurar ou prometer o seu cargo, e no meu propio nome, quero darlle as gracias a tódolos votantes, independentemente da opción pola que se inclinaron, porque somos representantes nesta institución gracias á súa confianza.

Sabemos todos ben, esa é a grandeza da democracia, que o poder é dos votantes e que estamos suxeitos á súa vontade: se respondemos á confianza depositada en nós premiarannos co seu voto, e en caso contrario, reitérannos o apoio. Esas son as regras de xogo.

De xeito particular e especial quero agradecer o apoio daquelas persoas que votaron á candidatura do PSdeG-PSOE, que eu mesmo encabezaba, que nos deu na noite electoral a victoria por maioría absoluta e que fixo posible que hoxe, 16 de xuño, eu resultase elixido Alcalde.

Hoxe están na miña memoria os nomes de moitas compañeiras e compañeiros que ó longo de moitos anos loitaron. Con armas democráticas, para que a victoria e o cambio fosen posibles.

Uns tedes a oportunidade de estar hoxe aquí, outros, desafortunadamente, non.

Gracias tamén a todas as compañeiras e a todos os compañeiros que pensaron que eu debía encabezar a lista dos socialistas guardeses nas eleccións municipais.

Pasaron as eleccións, mesmo acaba de rematar a elección de Alcalde, e xa non podemos perder un minuto noutra cousa que non sexa o benestar, o futuro deste pobo e da súa cidadanía.

Temos que mirar cara adiante. O pasado só debe servirnos para aprender dos erros e non volver a cometelos.

Pasou o tempo da propaganda, dos mítines, das reunións con colectivos, da explicación dos programas, da loita por alcanzar a confianza e ó voto do electorado.

É o tempo do esforzo, de poñernos todos, goberno municipal e oposición, a traballar arreo para satisfacer as moitas demandas que temos plantexadas.

Díxeno en xullo do ano 99, tamén no discurso despois da elección de Alcalde, que unha que se é Alcalde, se é Alcalde de todas e de todos.

A lexítima loita partidaria finalizou o día electoral. Non podería haber nada peor que un no soubera distinguir entre a esfera de partido e a esfera institucional; non habería nada peor que un fixera distincións entre os seus e os outros.

Prometo solemnemente que non vai ser o caso. O goberno municipal que a partir de hoxe me honro en presidir, vai facer bandeira de gobernar de acordo ós principios de xustiza, igualdade e transparencia.

E estou seguro que non hai maior xustiza e maior igualdade que favorecer que aqueles que non gozan aínda de bens tan prezados poidan gozalos mañá.

Por iso as políticas sociais, a educación e a sanidade serán preocupacións fundamentais. Contar coas mesmas posibilidades e oportunidades nestes campos é o que nos vai facer verdadeiramente iguais.

A empresa que temos encomendada para os vindeiros catro anos, é , ó mesmo tempo, moi bonita e moi complexa. Temos mil ideas e proxectos para facer que o Concello de A Guarda ofrezca calidade de vida ós seus habitantes e ós que nos visitan, que xeremos emprego e desenrolo sostible, que posibilitemos un crecemento harmónico, que saibamos protexer o moito e bo que posuímos, que teñamos futuro, que os nosos fillos e os nosos netos hereden algo mellor que o que hoxe temos.

A Guarda esixe de nós un esforzo xeneroso e continuado. Por iso, dende o Goberno Municipal, imos estar abertos a traballar con todos os grupos políticos; ou mellor dito, imos traballar con todos os grupos políticos que persigan o ben para A Guarda e para os seus cidadáns, non outros intereses.

Pódese e débese facer unha forte labor de oposición e de control de goberno (temos unha importante experiencia nós neste eido), pero sen que iso faga perder o norte, o fin último da vida municipal: o benestar da cidadanía. Para os que pensen así, para os que pensen na Guarda con maiúsculas, a oferta de diálogo e colaboración estará sempre enriba da mesa.

Este Concello ten que ser, tamén, o Concello dos cidadáns. Temos que facer un esforzo importante, e imos facelo, para ter un Concello vivo, un Concello a onde acudan as veciñas e os veciños a expoñer as súas cuestións, a formular os seus problemas. E dentro da vida municipal, o acto mais solemne e senlleiro, ó Pleno, ten que recuperar todo o seu protagonismo. Como acto público que é, ten que facerse accesible ó público. A experiencia dinos que os venres, á tarde-noite, era un horario axeitado para celebralos. Así volverá a ser de aquí en diante.

Deberemos ser capaces, ademais, de definir un novo modelo de Administración mais áxil, mais eficaz. O exemplo empezará polos políticos.

Como Alcalde vou delegar nas concelleiras e concelleiros as distintas áreas de goberno e serán eles/elas os /as que resolvan.

Non é bo, non é efectivo, que o Alcalde sexa a única persoa que adopte decisións. As delegacións, de verdade, van supoñer na práctica que, dependendo do problema que se plantexe, unha persoa vai ser atendida por un ou outro concelleiro/concelleira: que é unha cuestión económica, a concelleira de facenda; que un camiño está estragado, o concelleiro de Vías e Obras, etc.etc.

O noso comercio e industria, a nosa pesca, o sector da construción, o turismo, serán preocupacións fundamentais. Teremos que ser capaces de poñer as condicións óptimas para que se desenrolexen nas mellores condicións. Seremos ademais un goberno que reivindicará diante das distintas administracións aquilo que non temos e deberíamos ter. E xunto coa demanda das grandes infraestruturas, no noso pensamento está ser o goberno das pequenas cousas, da atención inmediata.

Un reto particular desta lexislatura é a aprobación do novo Plan Xeral, acompañado do Catálogo de Bens e Edificios a Conservar. O Plan Xeral que temos do ano 93, está obsoleto e non responde ás necesidades que este pobo ten plantexadas. Precisamos dotarnos dun novo Plan que permita crecer sostiblemente, no casco e no rural, que propicie solos industriais, que aumente as nosas zonas verdes, que xere chan para a vivenda protexida. E para facelo ben, e diso depende o futuro da Guarda, necesitamos a colaboración de TODOS.

Colaboración de todos imos precisar en outros moitos eidos, porque teremos que deseñar políticas culturais, sociais e de ocio que interesen a tódolos sectores e a tódalas idades. Temos que ser capaces de darlle forma as moitas ideas e as moitas ilusións que irradia a sociedade guardesa. Para isto, para todo, queremos contar coa opinión e a colaboración de tódolos veciños e veciñas.

Pode que tivera que dicilo xa ó principio da miña intervención. Poucos días despois das Eleccións solicitei ó Alcalde en funcións que se producira un traspaso de poderes efectivo, que se nos dera o máximo de información para que o luns 18 sexa un día de traballo real e de toma de decisións se é o caso.

Dixo que si e delegou no 1º Tenente. Alcalde para levalo a cabo. O noso agradecemento a tódolos concelleiros e concelleiras saíntes, ó Alcalde e de xeito particular ao 1º Tenente Alcalde, Ignacio Súa, por ternos facilitado a información solicitada e colaborar con nós nestes días, así como ofrecerse para o que precisemos no futuro.

Remato cunhas palabras que copio literalmente do discurso de investidura do ano 1999:

“Temos todo o necesario para medrar. Temos uns veciños que supoñen un capital humano increíble. Non hai un Concello que teña, porcentualmente, a

cantidade e calidade de colectivos organizados e asociacións que, a pesar das dificultades, fan unha labor formidable.

Temos unha xente emprendedora que saíu adiante aquí e en moitos lugares fora de aquí.

So temos que sentar as bases, de poñer as condicións necesarias e o demais virá dado.

Ilusión, ganas, esforzo, traballo e máis traballo é o que prometemos para estes vindeiros catro anos.

A GUARDA, 16 de xuño de 2007

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'José M. Domínguez Freital', written over a horizontal line.

JOSÉ M. DOMÍNGUEZ FREITAL